

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO CURSO 2020/2021

Estimadas familias,

Comunicámosvos que está aberto o prazo de presentación de solicitudes para adquisición de libros de texto, material e fondo de libros para o vindeiro curso 2020/2021, contemplado na Orde do 12 de maio de 2020 publicada no DOG do 19 de maio.

Como todos sabedes, debido á situación actual na que nos atopamos, a recomendación é que as solicitudes sexan presentadas preferiblemente de forma telemática a través da aplicación **FONDOLIBROS** (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), ou accedendo a través da **SEDE ELECTRÓNICA** da Xunta de Galicia (procedemento ED330B) con CHAVE365 ou certificado dixital. Na seguinte ligazón teredes toda a información relativa ao procedemento (<https://sede.xunta.gal/portada>).

Opcionalmente, poderanse tramitar as solicitudes de xeito presencial na secretaría do centro, que estará aberta en **HORARIO** de 09:00 a 14:00 horas.

Seguindo as recomendacións sanitarias, co fin de minimizar os riscos que conleva esta situación, imos establecer un calendario escalonado de turnos para os distintos cursos e así intentar evitar a concentración de persoas na medida do posible. Lembramos a obrigatoriedade do uso da mascarilla hixiénica en espazos cerrados de uso público nos que non sexa posible manter a distancia de seguridade interpersoal.

Alumnado de 6º de Infantil para 1º de PRIMARIA	Alumnado de 1º de primaria para 2º de PRIMARIA	Alumnado de 2º de primaria para 3º de PRIMARIA	Alumnado de 3º de primaria para 4º de PRIMARIA	Alumnado de 4º de primaria para 5º de PRIMARIA
XOVES 21 de MAIO	VENRES 22 de MAIO	LUNS 25 de MAIO	MARTES 26 de MAIO	MÉRCORES 27 de MAIO
XOVES 04 de XUÑO	VENRES 05 DE XUÑO	LUNS 08 de XUÑO	MARTES 09 de XUÑO	MÉRCORES 10 de XUÑO

Alumnado de 5º de primaria para 6º de PRIMARIA	Alumnado de 6º de primaria para 1º da ESO	Alumnado de 1º da ESO para 2º da ESO	Alumnado de 2º da ESO para 3º da ESO	Alumnado de 3º da ESO para 4º da ESO
XOVES 28 de MAIO	VENRES 29 de MAIO	LUNS 01 de XUÑO	MARTES 02 de XUÑO	MÉRCORES 03 de XUÑO
XOVES 11 de XUÑO	VENRES 12 de XUÑO	LUNS 15 de XUÑO	MARTES 16 de XUÑO	MÉRCORES 17 de XUÑO

Os días 18 e 19 de xuño quedarán disponibles para aqueles que por calquera circunstancia, non poidan facer o trámite nas datas anteriores.

A solicitude será única para todos os fillos/as matriculados/as no mesmo centro. As familias con máis de un fillo/a matriculado/a no centro, poderán presentar unha única solicitude en calquera dos días indicados para o curso de un deles.

DOCUMENTACIÓN:

De modo xenérico a documentación a aportar será a seguinte:

- Solicitude ANEXO I e II
- Fotocopia e orixinal para cotexar do LIBRO DE FAMILIA
- Fotocopia da sentenza xudicial ou convenio regulador no caso de separación ou divorcio.

PRAZOS:

- Presentación de solicitudes: 20 de maio ata 19 de xuño.
- Presentación de solicitudes para os que repitan 4º da ESO: un mes desde a matrícula en setembro.
- Publicación de listaxes provisionais: ata o 10 de xullo.
- Reclamacións ás listaxes provisionais: dous días seguintes á publicación.
- Publicación de listaxes definitivas de Educación primaria: ata o 20 de xullo.
- Publicación de listaxes definitivas da ESO: ata o 14 de setembro.